

REVISTA ESCOLAR DO CEIP CAMPOLONGO

# ESPERPENTO

VOLUME 20

XUÑO 2.001


R/ Xeneral Rubín, nº. 3  
36001 PONTEVEDRA

Teléfono 986 85 52 88  
Fax 986 85 05 58

2.001

GALLEGAS

LETRAS



*Esperpento.- Elemento dramático valleinclanesco con tipos marxinais e desgarrados, personaxes da hampa miserables e inmoraais. Persoa ou cousa ridícula, fea. Absurdo.*

*Shantia Rodríguez González*




# DÍA DAS LETRAS GALEGAS

## ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ

### Letras Galegas

O día das Letras Galegas, que este ano está adicado á figura e obra de Eladio Rodríguez, foi instituído pola Real Academia Galega no 1963, a iniciativa do académico Francisco Fernández del Riego, no centenario da edición de "Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro. Dende a súa institución, o día das Letras Galegas é unha data que reivindica a lingua e cultura galegas. Rosalía de Castro, a máis universal poetisa nacida en Galicia, fora a primeira que recibira a homenaxe popular, en Maio do ano 1963. A institución tivo como obxectivo facer unha homenaxe ó pobo galego, como creador do idioma, e ós escritores como vehículos da cultura propia de Galicia. Dende a súa creación, o día das Letras Galegas tense adicado ós máis relevantes escritores e ensaístas galegos, entre outros, Castelao, López Cuevillas, Curros Enríquez, noriega Varela, Alfonso X, Cabanillas, Luis Seoane ou Otero Pedraio.

Redacción: Coa axuda de Manuel Denis González Couceiro



*Eladio Rodríguez González pertence a esa xeración de autores que continuaron o labor iniciado no Rexurdimento, co estudio da Lingua Galega.*

### O estudio do idioma galego

Ó que sen dúbida levou a pensar en ELADIO RODRÍGUEZ como merecedor da homenaxe deste ano foi a súa adicación ó estudio da lingua, que complementa o seu traballo poético e xornalístico. De feito, é o autor do *Diccionario Enciclopédico galego-castellano*, en tres tomos, publicado trala súa morte (ocorrida en 1949) entre 1958 e 1961. A demora na súa publicación debeuse á magnitude da obra, que contén máis de corenta e cinco mil entradas, das que se detallan, á parte das significacións, multitude de usos (locucións, modismos, refráns...) á parte de valiosas informacións de tipo etnográfico.

Aí radica precisamente o mérito deste diccionario que, non sendo o primeiro, si en cambio ofrece, á parte dunha riquísima variedade léxica, un compendio de informacións (daí o seu carácter enciclopédico) complementarias sobre a cultura galega.

### San Clodio de Leiro, alá polo Riveiro

Aí naceu o 24 de Xullo do 1864. De familia modesta, pai labrador e nai costureira. Ós sete anos marcha vivir á Coruña cunha tía súa e cando volve para aldea dalle clases ós rapaces. No ano 1988 regresa á Coruña. Dende moi novo interésase pola poesía e polo traballo periodístico. Traballo como escribente municipal no Concello de A Coruña e vai publicando, ó mesmo tempo, as súas poesías e artigos en varios xornais da época: "O tío Marcos da Portela", "A Monteira", "Galicia", "A Gaita Galega", "Galicia Moderna", "La Mañana", "El Noroeste".

Nalgúns deles chegou a ser Director. Tamén obtén premios literarios en Pontevedra, Tui e Betanzos.


Eladio casou o día 28 de Marzo de 1891 e tivo sete fillos. traballando na Coruña, como funcionario do Concello, publica o seu primeiro libro de poemas "Folerpas". O ilustre lexicógrafo xubilase en 1937 e finou na Coruña o 14 de Abril





## INQUEDANZA INTELECTUAL

Participa no grupo coñecido como "A cova céltica" do que formaban parte Manuel Murguía e Eduardo Pondal, comprometidos con Galicia. Reuníanse na librería de Eugenio Carré Aldao, na Coruña, e utilizaban a "Revista Galega", como voceiro da súa actividade. Exerce como bibliotecario do Circo de Artesanos, no que publica o seu catálogo e o suplemento. No ano 1904 é socio fundador da Asociación da Prensa de A Coruña, na que chegou a ser Presidente



## NA ACADEMIA GALEGA

Participou como socio numerario fundador da Real Academia Galega, no 1906. No 1920 asume o cargo de secretario da mesma e seis anos despois será elixido Presidente. O seu labor estivo marcado polas divisións e as discrepancias no seu seo e polas críticas externas ó seu inmovilismo e ós criterios de nomeamento dos seus membros. No 1934 deixa a Academia por motivos de saúde.



## Actividade Xornalística

Foi un dos membros fundadores da primeira Irmandade da Fala, no ano 1916. Tamén foi membro fundador do coro **Cantigas da Terra**, no ano 1917. Neste ano redacta unha **Guía de Galicia para el turista**. No ano 1918 traballa no xornal **El Noroeste**, encargándose de dirixi-lo suplemento cultural **Nós, páxinas galegas**, unha publicación que vai ser precursora da revista **Nós**, nacida no 1920. Foi corresponsal do Diario ABC de Madrid na Coruña. No 1922 publica un breve libro de poesía, "**Raza e terra**", que contén doce poemas que serán incluídos no seu libro "**Oracións campesinas**", publicado no 1927. Ó mesmo tempo segue a traballar no seu **Diccionario Enciclopédico** ata a súa morte no ano 1949.

## E S C O L M A

XAN LABREGO

Xan Labrego é un malpocado;  
 Xan Labrego é un probe Xan.  
 A vida de Xan Labrego  
 Non se acaba de axeitar.  
 Érguese con noite pecha;  
 Déitase con noite xa;  
 Dorme nunha pallugada  
 Sen ter máis leito que o chau;  
 Labra terras... de seu dono,  
 Que cuase que ermas están,  
 Pois deixáronllas a medias  
 Para que as poña de bon dar;  
 Dende a mañán hastra a noite  
 Non solta o legon da mau;  
 Brega moito, come pouco,  
 Pasa fame, vive mal...  
 E Xan Labrego emporeso,  
 Sigue sendo un probe Xan...  
 ¿Quen dixo que Xan Labrego  
 É o que debera mandar?  
 Xan Labrego non quer mando;  
 Quer soílo vivir en paz;  
 Quer ser un home barudo;  
 Quer que o deixen traballar;  
 Quer que ó chega-lo consumo  
 Non lle carguen tanto a mau;  
 Quer que, no seu, non-o apurren  
 Como se apurran os cás...  
 Porque Xan Labrego é un home  
 Que si depende a berrar !..  
 O día que a Xan Labrego  
 Lle pete non ser máis Xan,  
 As aldeas serán donas das cibdás.  
 De RAZA E TERRA publicado en CELTIGA



## DÍA DAS LETRAS GALEGAS

### Adicado a Don Eladio Rodríguez González

*Colaboración de Manuel Denis González*

#### ALGUNHAS ENTRADAS DO SEU DICCIONARIO ENCICLOPÉDICO GALLEGO-CASTELLANO

*ven da páxina anterior*

##### ONOMATOPEA

Non rarean en Galicia as frases onomatopéicas, como se ve polos seguintes exemplos: as voces *cataprín e cataplín*, e os verbos *cataprinar e cataplinar* denotan o galopar dos cabalos; *rula* chámase na nosa terra á rola, polo arrulo do seu canto con que namora; *treinar*, lembra ó muiño fariñeiro cando está en movemento, de aquí a frase *o muiño treina, a auga faino trinar*; o *vichelocrego* recibe ese nome porque imita claramente o seu canto que, por veces, tamén semella dicir *vicheloclérgo*.

##### ENCHOIADA

**Desafío. Regueifa, retesía.** Especie de diálogo sostido por un mozo e unha moza que cantan á rolda coplas improvisadas para probalo seu enxeño. Estes concursos poéticos son lexendarios e exclusivos da mocidade aldeá de Galicia que, deste xeito, pon a proba a viveza da súa espiritualidade. Botada a primeira copla, as seguintes vanse enfiando, e é corrente que o cantor de turno comece a réplica co derradeiro verso da improvisación do contrincante; e aínda soe acontecer que o popular desafío se desenvolva entre dous mozos homes, sen intervención feminina. De seu, as enchoiadas son loitas de amor, de cortesía e agudeza, deste xeito conteñen frases galantes e enxeñosas, irónicas salferidas por veces dun asomo de mordacidade. tamén se fan sen canto, en prosa ou en verso, aínda que o común é que nelas se empregue a música dalgúns cantigas máis coñecidas na comarca, axeitando a ela a letra, segundo a habelencia de cada quen. cando os contrincantes non se dan por vencidos, a *enchoiada* suspéndese de mutuo acordo para proseguir noutra sesión.

##### REVIRIGANCHO

Este vocablo (rama que, a forza de retorcela dándolle voltas, forma ganchos de diversos feitios) e derivados, dan baseamento a un dos máis complicados trabalinguas galegos:

*Gancho, revirigancho, que tanto reviringacheache,  
Deixa que te desreviriganchee con este reviriganchiño  
Que teño para desrevirigancheear ganchos  
Revirigancheados nas pólas do carballal.*

##### AGOGA

Acueducto ou canle para dar saída ás augas dunha mina. Nos criadeiros auríferos da cunca do Sil, designa a explotación que posúe interese histórico, pola súa antigüidade. As *agogas* foton empregadas xa polos romanos para contro-la las augas que saían a borbollonadas, ameazando a solidez das minas, de xeito que houbo necesidade de encanalar.

##### ALCABALA

Imposto ou dereito real antigo que cobraba o fisco sobre as vendas e que era un tanto por cento alzado sobre o que custara a cousa vendida (...). *Por ir e vir non levan alcabala. Quen descobre a alcabala, ese a paga.*

##### TANGARAÑO

Xenio maléfico que ataca ós nenos, enfracécéndoo ou deformándoo.

##### CUCHIZOS

Doenza que os porcos padecen na boca. Os labregos supónena producida por algun maleficio que se lles botana maseira ós animais. Para curala consideran eficaz revolver a encaldada co *anel de unicornio*.



Esperpento

# Escribir en galego. ensinar en galego

Redacción: de RAMÓN CARIDE  
en Faro de Vigo 8-5-01

Un idioma é unha ferramenta. A súa eficacia está na súa ubicuidade, na súa plasticidade, en ser multiforme, á vez código e metáfora, xiria e barallete, poesía e verborrea, hermetismo e transparencia, enxebrismo e vulgarismo, en facerse o verbo (sabedoría eterna do ser humano en canto tal) carne e sangue concreta no cotián, nas xeiras e nos anseios de cada día, tanto coma nas alturas da creación literaria. Blanco Amor escribía que o pobo conservou o galego feito fala, e que a misión do escritor era convertilo en lingua. Pero, se cadra, non se pode dar unha cousa sen a outra. Precisamos dúas pernas para andar o mundo e dous pés para asentarnos nel. Unha lingua tamén precisa as dúas, a fala e a escrita, a escrita e a fala.

A vitalidade dunha lingua son os seus falantes tanto coma os seus escritores. Nunha lingua viva hai niveis de expresión, certamente, e ten que habelos. O emprego culto dunha lingua nútrese da materia nutricia do seu uso popular, tanto coma á inversa, nun exercicio de retroalimentación mútua. Non hai máis que pensar na simbiose perfecta destes dous niveis idiomáticos que se da nos Cantares Galegos de Rosalía Castro. Pero se unha lingua pasa a ser só patrimonio duns poucos, que a exercitaran no nome dunha maioría que deserte dela, algo-moito-fallaría. Igualmente da que pensar a celebración da efeméride ó redor das



datas coma esta, sen dúbida necesarias como fitos nun proceso de normalización problemática, mais que corren o risco de funcionar como coartada da inactividade ou a resignación durante os restantes días do calendario. A día de hoxe, escribir en galego e/ou ensinar en galego, mesmo en medios galego-falantes fora das aulas, non é un feito de todo normal. E por normal entendemos o seu sentido etimolóxico: o máis frecuente, regular ou ordinario.

Está ben a entrada do galego no ensino; aínda que esta entrada se tivese dado en peores condicións que as actuais sería un paso adiante. Pero non abonda para garantir o seu futuro se a sociedade galega non o considera rendible e merecente de escrita e fala.

¿Podía ser moito maior a utilización do galego no ensino? Podía, sen dúbida. Pero os profesores/as son tamén parte da sociedade. O ensino é reproductivo aínda que tamén ferramenta para o cambio. Esta é a contradicción do sistema escolar, tanto como a nosa..

¿A sociedade galega quere conservar o seu idioma autóctono, nado na propia terra na que habita segundo a etimoloxía, ou non quere?

A resposta a esta pregunta é a clave da súa supervivencia como fala viva. O mérito ou a culpa do seu futuro é algo que nos sobrepasa, con moito, ós ensinantes. Se o galego se conservou, en séculos escuros, sen escrita e sen expresión culta, ¿por qué razóns non pode seguir florecendo hoxe, que ten as dúas? A sociedade, todos e todas, temos-e nunca millor dito-a resposta.

Pregúntanlles ós escritores nos seus percorridos das Letras Galegas polos Centros de Ensino deste país: ¿E vostede, por que escribe en galego?.

A esta pregunta un responde sempre con outra, como bo galego: ¿E por que non vou facelo?, na seguranza de que cando os rapaces e rapazas dos centros de ensino deixen de preguntar semellante cousa, teremos moito camiño anda-





# O VELLO CABALO

TRADUCCIÓN Ó GALEGO DO CONTO HOMÓNIMO DE LEÓN TOLSTOI

redacción

Na nosa fina había un vello chamado Pimén Timofeich. Tiña cumpridos noventa anos. Vivía cun neto. Estaba encorvado e camiñaba moi lentamente, apoiándose nun caiado. Tiña a boca desdentada e o seu rostro cheo de arrugas. Tremíalle o beizo inferior. Ó camiñar ou ó falar, soía move-los beizos, pero non se podía entende-lo que dicía. Eramos ctro irmáns; e a todos gostábanos montar a cabalo. Como non tiñamos cabalos mansos, só nos deixaban montar nun moi vello, chamado **Voronok**.


Un día mamá deunos permiso para montar a cabalo; e fomos á cuadra acompañados do noso aio. O cocheiro ensillou a "Voronok". O meu irmán montou o primeiro. Cabalgou moito tempo pola eira e arredor do xardín.

\_i date unha carreira ó galope!\_ berrámoslle cando volveu.

Meu irmán apurou ó cabalo, dándolle golpes cos pés e co látigo; e partiu a galope tendido, pasando xunto a nós.

despóis foi o meu segundo irmán quen montou. Tamén cabalgou moito rato; e, apurando a **Voronok**, a forza de latigalope, gazos, subiu o outeiro ó

tiña intención de seguir terceiro irmán dixo que lle pola eira, polo xardín e por cuadra, a galope tendido, Cando se achegou a nós, e o seu pescozo tíñase escu- Ó chegar o meu turno, meus irmáns, bía montar ben; e apurei a ñas forzas; pero o cabalo Irritado, pegueille latigazos procuraba pegar nos sitios Rompéuseme o látigo. Co na man, golpeei ó cabalo na andar. Entón achegueime ó fusta máis resistente.



O cabalo Voronok

montando; pero o meu tocaba a el. Deu a volta toda a aldea. Volveu á pasando polo outeiro. Voronok viña sen folgos recido, a causa da suor. quixen sorprenden ós demostrándolles que sa- Voronok con tódalas minegouse a saír da cuadra. e golpeeino cos pés. onde máis lle doera. pedazo que me quedaba cabeza, pero non quixo aio, para pedirlle unha

\_Xa tes cabalgado bastante atormentas así ó cabalo?

\_i Pero se aínda non montei!. Agora verá como o vou facer galopar. Déme outro látigo, por favor; quero excitalo\_ repliquei, ofendido.

\_Non tes corazón. ¿para que vas a excitar ó cabalo? Está esgotado; apenas pode respirar. É moi vello. Ten vinte anos xa. Poderíamos comparalo con Pimén Timofeich. É coma se montaras sobre el e obrigáralo a correr a forza de latigazos. ¿Non che daría lástima? Ó recordar a Pimén, obedecín ó meu aio e apeeime. Pero só ó ver ó cabalo xadeante e cos flancos cubertos de suor, comprendín o esforzo que facía para levar ó xinete. Antes figurábame que Voronok divertíase, o mesmo ca min. Doume tanta pena del, que cubrín de bicos o seu pescozo suado; e pedinlle perdón por telo maltratado.

Dende entón, sempre recordo a Voronok e a Pimén Timofeich; e dame pena ve-lo maltrate, báixate. ¿por qué ma \_dixome.



### CANCIÓN EIRO (Nais e nenos).R.Cabanillas

Non te troco,meu meniño,  
non te troco,me amor,  
nin pola prata da lúa  
nin polo ouro do sol.

Miña nai botoume fóra  
e volveume a recoller  
vente,miña filla,vente  
que non es para perder.

Este meu neno meniño  
é como a fror do laranxo,  
ten os olliños azues  
como os olliños dun anxo.

Miña naiciña é unha santa,  
unha santiña do ceo,  
se me arreprende por fóra  
queda chorando por dentro.

Miña nai doume unha tunda  
co aro dunha peneira;  
miña nai,teña vergonza  
que ven a xente da feira.

Durme,meu meniño,durme,  
durme se queres durmir,  
túa nai vaiche na leña  
e teu pai logo ha de vir

Carniña da miña carne,  
sangue do meu corazón,  
nin contando as estreliñas  
contarías meu amor.

Morreume miña naiciña,  
levouna noso señor,  
quero voar e non podo,  
levoume a ala mellor.

### REFRANEIRO ( De parentes).M.Quintáns.

Cuñadas e rexas de arado:  
enterradas han de estar.

\*

De cuñado,nunca agardes bo-  
cado.

\*

Morte de sogra e dor de nora:  
menos por dentro ca por fóra.

\*

O cariño dun xenro,é coma o  
sol de inverno.

\*

Ó porco,ó xenro e á nora:  
amósalle-la porta.

\*

Sogra,nora e xenro,son a entra-  
da do inferno.

\*

Sogra,cabalo e león,son duros  
de corazón.

\*

Sogra,muller e cuñada xuntas:  
só se están difuntas.

### CANCIÓN (Popular.Xosé Luís Blanco)

Ó pasar por Camariñas  
por Camariñas,pasei cantando;  
as nenas de Camariñas  
quedan no río,quedan lavando.

Camariñas,Camariñas,  
el rei "te quixo" vender,  
O que merque Camariñas  
moito diñeiro ha de ter.

Camariñas,Camariñas  
que xa me vas camariñando,  
por unha de Camariñas  
vivo no mundo,vivo penando.

Miña virxiña do Monte  
que ós mariñeiros sempre vixías,  
non permitades que morra  
lonxe da terra,da terra miña.

### CRENCIAS POPULARES

#### O tempo na crencia popular

##### A. Fraguas

A consideración máis sinxela  
para coñece-lo día de mañán,  
faise observando o gato na coci-  
ña:Cando se senta frente ó lume  
e lávase dos dous lados,é seguro  
que hai tempo de chuvia.  
Diremos que se chama lavarse o  
gato,cando este animal se senta e  
pasa unha man polo fuciño,  
botándoa varias veces pola ore-  
lla.

Quen ten pequeno galiñeiro po-  
de saber da chegada da choiva,se  
as galiñas botan moito tempo  
catándose,e despois de espiollar-  
se ben,quedan un pouco coas  
plumas alpuruzadas.

O voar das anduriñas cando é  
outo,traeranos bo tempo,cando  
*rastexan a ala*,ventan chuva.

Os paporroibos,se buscan as pa-  
lleiras e cubertos,presumen que  
vai chover,e cando entran na ca-  
sa,adiviñan neve.

O canto do peto é sinal de auga,  
de tal xeito que xa lle chaman o  
*paxaro da chuvia*.Os corvos adi-  
viñan aires e van buscalos,ó atar-  
decer,na dirección que voan,  
croando forte e algún facendo  
remuíño.

Os veciños de Loureiro,en Coto-  
bade,sabían moi ben se viña a  
cua axiña,ou se levaría,  
volvéndose o aire do Norte,  
fixándose nas cabras ou nas va-  
cas.Cando o rebaño das cabras  
do señor Bernardino Raxó baixa-  
ban do Couto da Rula,moi cedo,  
para as Chans do Preiro,perto do  
río,viña a choiva.Cando as vacas  
rubían para o máis outo do Mon-  
te Calvo,inda que houbera forte  
vendaval do mar,ó día seguinte  
viña o aire Norte.

tamén anuncian o frío,os paxa-  
ros que viven nas ribeiras do mar  
e aparecen nas terras interiores.

O canto do merlo pode traer a  
choiva ou alonga-la friaxe.

Ó revés,o canto do cuco trae  
tempo moi soleado:*canta o cuco*,  
*tempo enxuto*,pero se vai cambia-  
lo tempo,duplica o canto,dicindo,  
*Cú,cú,tapa o cú*.




Maio 2.001

Esperpento

## Unha mirada á xeografía e á historia de Galicia

Alumnos e alumnas do 3º ciclo de primaria viaxan á costa atlántica norte galega, para visita-lo complexo dunar de Corrubedo, o dolmen de Dombate e o Castro de Baroña, por terras do Pindo e do Barbanza, na ruta do chamado "Olimpo Celta".



*Un grupo de excursionistas percorrendo o Castro de Baroña*

Cristina Santomé Sánchez

O pasado martes fomos de excursión á provincia de A Coruña, para realizar varias visitas culturais. En primeiro lugar fomos ve-lo Castro de Baroña, uns interesante grupos de casas celtas. O seu estilo arquitectónico e maila súa distribución impresionáronme. Unha mostra da intelixencia dos seus habitantes para defenderse, eran as súas altas murallas e a súa situación nun enorme, rochoso e perigoso acantilado. Durante a viaxe tamén vimos un **drakhar** (barco vikingo) precioso e, acompañándoo, como non, as torres de Catoira.

(pasa á seguinte páxina)



**Unha mirada...** (ven da páxina anterior)*Cristina Santomé Sánchez*

A segunda parada foi nun dolmen, monumento funerario que construían os celtas para honra dos seus mortos..Baixo del tiñan enterrado o cadavre,xunto coas súas xollas(torques,brazaletes,espadas...etc).


Nuns minutos chegamos a un monte onde había un merendero. O lugar era o ideal para comer,cálido nas rochas e partes onde daba o sol e refrescante baixo os pinos,á sombra.

Logo de comer(e xogar un tempo curto),fomos a unha aula da natureza que,a verdade,non me gustou moito.O monitor explicounos cando se fundara e o que era un Parque Natural.Despois de ve-lo vídeo pasamos a unha sá na que había un xogo que se chamaba

¿quen estivo aquí?. adiviñar que animais marcativa " pegamos unha maqueta na que un letreiro brica de tellas. mara funeraria, tas.

Cando saímos da rato,mentres o resto o seu turno de visita.

Por fin chegamos ás do,¡que fantástico! tou foi tirarnos polas Derradeiramente vi-



Nel tiñamos que deixaran unha " da. De seguido vidun forno enorme-anunciaba unha fá-Noutra sá,unha cá-soterrada,dos cel-

Aula xogamos un do grupo consumía

dunas de Corrube-O que máis me gus-dunas.

moi alto no que había un mirador e un bar,no que,a maior parte do grupo mercou xelados e refrescos..Fóra do bar ía moito frío,tanto que tiven que prestarlle o meu xersei a Alba.

De volta a casa eu xoguei co Denis ós políticos e ó "coelliño da sorte".Por certo que,por xogar tanto tempo,caeunos unha bronca des-comunal por parte da nosa profesora.

Xa na casa e,como era moitarde,non me deu tempo a contárllo á miña nai,pero comenteillo ó día seguinte.

Creo que esta foi a mellor excursión que fixen cos meus compañei-dos. En resume,paseino moi ben e espero ter outra excursión pareci-da.



# ALARIZ UNHA VILA ECOLÓXICA E CULTURAL

Visitada polos alumnos de 4º constitue un exemplo de cómo o home pode intervir para que a natureza non se destrua e se conserven as nosas tradicións

Helena Pose Puga

O día 24 de Maio do 2.001, os alumnos de 4º tivemos unha saída cultural a un pobo da provincia de Ourense chamado Alariz.

Viaxamos en dous autobuses, acompañados de tres profesoras e a Directora do Colexio. Saímos de Pontevedra ás nove da mañá e chegamos a Alariz sobre as once. Unha vez alí, o noso grupo foi dirixido por unha guía chamada Laura.

Primeiramente visitamo-lo Museo do Coiro, no que había un muiño de tanino e onde nos explicaron as fases para curti-la pel dos animais: a do lavado, a de mudanza e por último a de secado. Gustounos moito o muiño de tanino e as distintas clases de bolsos, colares... e outros obxectos que nos ensinaron. O que menos me gustou foron os pilos de auga.

Visitamos logo o Muiño do burato que se coñece tamén polo nome de muiño de turbina. Vimos máquinas e moas que chaman rodas. O que máis me gustou foi entrar por unha porta pequeniña e ve-la auga que ía dando voltas e que desemboca no río. A dicir verdade, neste lugar gustou-me todo.

No terceiro Museo gustou-me todo. Foi o do Tecido, onde traballan o liño mediante diferentes procesos, ata conseguir que o liño quede de cor branca.

De seguido leváronnos ó Museo Galego do Xoguete. Aí poidemos ver un futbolín que funciona con teclas ata unhas cabezas xigantescas, das que, unha era a dunha vella. Explicáronnos que, antes, as persoas escribían en pizarras, na escola, e non en folios e que, para marcar nesas pizarras

empregaban uns lápices que chamaban "pizarríns". Tamén foi moi curioso ver tódolos tipos de sillas que foron recolectando por todo o Mundo.

Ó rematar, sobre as dúas da tarde, comemos, nun parque que está situado ó lado do Museo do Coiro, tomamos un xelado e xogamos a moitos xogos.

Quero recordar que, noutros tempos, para entrar en Alariz, nunha oficina había que pagar un imposto chamado fialato por fin regresamos a Pontevedra ás sete da tarde.



O Concello de Alariz está atravesado de Este a Oeste polo val medio do río Arnoia.

## OS NENOS DE ESPÍÑA BÍFIDA O FILLO DO NOSO MESTRE TEN ESPÍÑA BÍFIDA

Pablo Piay Rodríguez

Jacobo portela Fidalgo



*Felix precisa recuperación*

Os nenos de Espiña Bífida nacen cunha vértebra aplastada e por ésta non pasa ben a médula espiñal. Segundo sexa a lesión, máis arriba ou máis abaixo, estará máis ou menos afectado.

Algúns teñen problemas para moverse e necesitan a axuda dunha silla de rodas.

Este problema aparécelle a un de cada mil nenos e nenas que nacen.

Hai pais que levan moito disgusto cando lles nace un nenno así.

Hoxe pódese evitar tomando ácido fólico.

A estes nenos hainos que tratar igual que ós demais nenos e face-lo posible por quitarlle-las barreiras arquitectónicas que lles impiden moverse con facilidade.

O fillo do noso mestre, Félix, ten espiña bífida.



## QUEDAN SETE MESES PARA A APARICIÓN DO EURO

ADEUS, QUERIDA PESETA, POIS TODOS CORREN TRAS TI  
¿DEIXAREMOS DE SER PESETEIROS PARA VOLVERNOS EURONSANS?

Jorge Gay Gago.

O calendario de posta en marcha para o Euro é Xaneiro do 2.002. O Euro porase en circulación en Xullo dese mesmo ano. A peseta desaparece. Moitas persoas pensan que a chegada do Euro suporá un caos económico. Moitas persoas da terceira idade pensan que serán os máis perxudicados, sen embargo, as persoas máis novas (11-13 anos) opinan o seguinte:

O 52% pensa que as persoas de 5 a 8 anos serán as máis perxudicadas.

O 16% opina que as persoas de 18 a 65 anos serán as máis perxudicadas.

O 32% opina que as persoas de 65 anos en diante serán as máis perxudicadas.

Segundo a miña opinión, tódalas persoas non só teñen en conta as súas propias dificultades e facilidades, senón tamén as alleas para contestar.

Un Euro vale 166,386 pesetas. Un Euro consta de 100 céntimos.

Unha pregunta que moitos se fan é se o Euro é seguro. Na fabricación dos Euros tomáronse algunhas precaucións: teñen unha textura moi particular porque están feitos de fibra de algodón e o papel tamén ten fibras fluorescentes e marcas de auga extremadamente difíciles de fotocopiar ou imprimir.

Os billetes españois son iguais cós dos diferentes países; sen embargo, as moedas terán unha cara común e outra levará un motivo que faga referencia ó seu país. Actualmente os países que o 1º de Xaneiro do 2.002 utilizarán o Euro son doce: Portugal, España, Italia, Grecia, Alemaña, Francia, Luxemburgo, Finlandia, Holanda, Bélxica, Irlanda e Austria.

Pode que nun futuro máis ou menos próximo, algúns novos países se unan a este grupo.

### Cadro 1

BILLETES	VALOR	TAMAÑO
500 euros	83.193 pts	160x 82 mm
200 euros	33.277 pts	153x 82 mm
100 euros	16.639 pts	147x 82 mm
50 euros	8.319 pts	140x 77 mm
20 euros	3.328 pts	133x 72 mm
10 euros	1.664 pts	127x 67 mm
5 euros	832 pts	120x 62 mm

### Cadro 2

MOEDA	VALORES
1 céntimo	2 pesetas
2 céntimos	3 pesetas
5 céntimos	8 pesetas
10 céntimos	17 pesetas
50 céntimos	33 pesetas
1 euro	166 pesetas
2 euros	333 pesetas



# DORNAS E GAMELAS

Fernando Pérez-Santamarina Pérez  
José Ramón Pazos Méndez

Jesús Senra Paz  
Igor Melón Rascado


## A DORNA

*Teño unha dorna fermosa,  
Pequeniña e tan lixeira,  
Que da xenio cando ven  
Ateigada de vieira*

*Eu só quero  
Que ti me deixes  
Cunchas para repenicar  
E que os días de festa  
Saian todos a bailar.*

*Miñas cunchas, miñas cunchas  
De cor anacarado,  
Soade ben para que chegue  
O meu amor de contado.*

*Mariñeiro que na dorna  
Vas o marisco a buscar  
Pidelle á Virxe que te salve  
De algún perigo do mar.*



Unha dorna en Vilaxoán(Vilagarcía de Arousa).

A orixe da dorna relaciónase con algunha das invasións normandas sufridas entre os séculos XIV e XV. Así, por exemplo, en Suecia aparece un tipo de barco con popa diferente á proa e case exactamente igual á dorna. Como esta, emprégase nos lugares rochosos e a subida a bordo das persoas faise sempre pola popa, que parece adapta-la súa forma ós diferentes entrantes que se atopan naqueles lugares da costa, do mesmo xeito que ocorre en Galicia.

O porto de Ribeira-Aguiño é o foco inicial de promoción da dorna, que rápidamente se estendeu a outros como os do Grove, Illa de Ons, Cambados ou Bueu, lugares onde a súa presenza foi e segue sendo máis notable.

Normalmente as dornas non se fondean no porto senón que se levan a terra durante o día, para deixalas na praia ou nas rampas do peirao, sempre apoiadas sobre a quilla e calzadas con dous paus que manteñen a embarcación dereita.

Moi cedo, ás cinco ou oito da mañán, según se tratase de verán ou de inverno, os mariñeiros dirixíanse á praia e axudábanse uns ós outros a leva-las súas dornas á beira. Este arrastre diario reducía pouco a pouco a altura da quilla, e chegado o momento había que engadirlle unha peza nova. Así como tamén tódolos anos había que renova-la capa de protección que se lle aplicaba á dorna.

Pasa á seguinte




Maio 2.001

Esperpento

ven da páxina anterior

DORNAS E GAMELAS<sub>2</sub>

DORNAS



As cualidades mariñeiras e veleiras da dorna, teñen moito que ver co seu notable calado, ó ir moi metida na auga.

O mariñeiro impulsa a súa dorna mar adentro cos remos, pero o sistema de propulsión máis común nas dornas é o vento. O timón fai non só de instrumento de goberno da embarcación senón que contibue á súa estabilidade cando está en movemento, pois cala máis de medio metro por debaixo da quilla a flote.

A dorna típica e quizais a máis orixinal na nosa terra é a chamada dorna grande que na actualidade case desapareceu das costas. A dorna grande tiña, ás veces, dous mástiles para sendas velas e unha cámara cuberta, a tilla, que se extendía cara a proa e servía de descanso e de refuxio para os mariñeiros, noutros sitios só se adicaba a manter cubertos alimentos e aparellos.

As dornas pequenas, chamadas polbeiras, constitúen unha modificación técnica para se adaptar ós tipos de pesca que se practican perto da costa.

Sábese que a dorna aparece ó mesmo tempo que a difusión do xeito, arte de enmalle empregado para a pesca da sardiña a profundidades medias. A dorna do xeito permitía faenar a moita maior distancia que as outras embarcacións da época, tanto polas características mariñeiras, lixeireza e hidrodinámica, como pola súa dobre propulsión e

estabilidade, o que facía posible enfrontarse a un mar picado con máis probabilidades de volta a cisalvo. Isto provocaría un salto importante nos ciclos temporais dos mariñeiros galegos, que verán aumentado o tempo de permanencia no mar, en ata varios días. O aproveitamento da tilla para o descanso dos homes a bordo é, seguramente, unha modificación producida por esta longa permanencia no mar. Así poidéronse ver dornas pescando nas costas portuguesas, dende onde seguían as migracións da sardiña ata a costa norte de Galicia.

Así a dorna aparece ligada á expansión das nosas pesquerías ó través dos séculos XVI e XVII e, polo tanto, sofre a recesión que padeceu a pesca da sardiña a finais do século XVII e comezos do XVIII, a causa da introducción das artes de arrastre.

Foron os cataláns os que trouxeron a Galicia o palangre e a xábega. Os nosos mariñeiros ían pescar cun aparello de arrastre, ás sacadas, nome que fai referencia á maneira de pescar da rede, embolsando o peixe. Estaban feitas con varios panos, as pernas e a copelada, con forma rectangular, coas mallas colocadas de tal maneira que ó ir rastrexando o aparello, permanecían abertas, permitindo fuxir ós peixes pequenos. A xábega diferenciábase de as sacadas por rematar nun gran saco e por te-lo pano coas mallas en forma de rombo. Moi productiva porque permanecía pechada e non permitía fuxir ós peixes pequenos.

Non hai datos concretos sobre a aparición da dorna pequena, pero xa se empregaba no século XVII coas artes de trampa, as nasas, e as de corda, dentro da ría e como auxiliarers das dornas grandes.

Na actualidade, a aparición de novos barcos e a implantación do motor, son as causas da decadencia da dorna grande nas Rías Baixas. Non ocorre o mesmo coa dorna pequena, que soubo adaptarse ós novos tempos. Adícase á pesca con nasa, con palangres, con liñas e curricán, así como para auxiliar doutras embarcacións con motor. Incluso ela mesma leva, as veces un pequeno motor foraborda.

Segue na seguinte



(ven da páxina anterior)


## A GAMELA

*Ei veñen os mariñeiros  
Cantando na gameliña  
Veñen de moi lonxe todos  
De pescar moita sardiña*

*Non quero que salgas máis  
De noite a ir a pescar  
Que pode arrecia-lo vento  
A piques de naufragar*

*Co diñeiro que ti gañes  
Adornarei a casiña  
E ti poderás repoñer  
Os enseres da gameliña*

*Boga, boga compañeiro  
Que che vou ir esperar  
Para recolle-la pesca  
E levala a subastar*



No latín vulgar coñecíanse como “gamellas”, algúns cuncos domésticos, sobre todo os barreños grandes empregados para darlles de comer ás bestas ou para lava-la roupa. Pero as orixes desta embarcación, como as doutras, tan mergulladas nos nosos costumes e tradicións, son difíciles de precisar. Algunhas referencias como as poutadas, os pesos das redes e outras técnicas de pesca castreñas, permítennos situalas alá polo século II. Do mesmo modo que as dornas eran empregadas, principalmente, nos portos e praias do norte de Pontevedra, ata a Coruña, as gamelas fanse notar máis ó sur, alá por Vigo, Cangas, A guarda... E así como desapareceron outras embarcacións populares en Galicia, a gamela chega ata os nosos días, quizais apoiada pola aparición dos motores foraborda e a facilidade de varala en portos carentes de abrigo.

A gamela ten unha forma característica, moi aberta de proa e pechándose a pouco máis da metade da popa, que é case recta. O fondo non é plano, senón que leva unha quilla engarzada coas cadernas do fondo. Leva tres bancadas e noutros tempos, na última bancada ía o mástil da vela.

As máis macizas, fortes, axeitadas para o mar aberto, son as guardesas, que se contraponen ás gamelas “2coruxeiras”, máis esbeltas, con intento de proa e pintadas de varias cores. Así aparecen as gamelas para ir a un arte ou a outro. Así aparecen as gamelas xeiteiras, badexeiras, raieiras, do rasco, do palangre, do congrio ou do camarón.

Pasa á seguinte




Maio 2.001

Esperpento

# DORNAS E GAMELAS (GAMELAS)

Ven da páxina anterior



O chalanón ou gamelón era unha gamela moi grande que se destinaba a levar ós mariñeiros, redes e outros utensilios, ás motoras; traballo que hoxe en día desenrola a gamela auxiliar, que ademais ten a misión de larga-la rede para a ardora, saíndo do barco ó divisa-lo banco de sardiñas.

A gamela coruxeira ten fama de se-la gamela máis artesanal de cantas existen. Na praia de Canido, coñecida entre a xente como "a praia das barcas", concéntranse ó redor de cen gamelas, e corre entre os veciños a historia de que as gamelas saíron a recibir a Cristóbal Colón, o que da unha idea da súa antigüidade.

A "gamela de Baiona é un pouco máis grande do habitual neste tipo de embarcación, aínda que tamén hai moitas gameliñas pequenas. No distrito marítimo de Baiona, a primeira inscrición dunha gamela, data dde Abril do 1873.

A xurisdicción marítima de A Guarda chega ata as Orelludas, no Municipio de Oia, onde os mariñeiros guardeses levaban as súas gamelas,

sobre todo no tempo de verán, cheas de rascas para a pesca da langosta e palangres para o congrio.

A caliña das gamelas en Oia está xusto enfrente do Monasterio. Fai uns corenta anos os mariñeiros empregaban nasas francesas nas que colocaban como cebo, xurelo salgado. Estaban adicadas á captura do lubrigante e a langosta, aínda que tamén ían ó xeito, ó palangrillo da faneca e ó trasmallo de altura.

No porto de Cangas, da ría de Vigo, tamén houbo no seu tempo gran cantidade de gamelas. Os mariñeiros de Cangas pescaban tanto por dentro coma por fóra da ría, orientándose polos puntos coñecidos da costa, polo sol cando había día ou polas estrelas e faros cando caía a noite.

No país veciño de Portugal, a gamela, tamén chamada "maseira", en semellanza ó utensilio do mesmo nome que se usa para amasa-la fariña, é de tipo guardés e estende o seu uso dende o norte ata Porto. Na actualidade pódense atopar en Caminha e na Vila Praia de Áncora. En Aveomar houbo maseiras tripuladas por mulleres que ían ós peñascos poboados de mexilón, lapas e percebes..

as gamelas de río son máis pequenas, menos pesadas e de trazo máis fino. Nestas, as bancadas repártense doutro xeito, adaptándose ás faenas da pesca co alcharife, trasmallo, lampreeira e rede de angulas.

Os alcharifeiros, coas súas gamelas vellas para o mar ou aproveitando a tempada de pesca, chegaban ó Miñona procura de sábalos e salmón. Hoxe en día pódense ver gamelas lampreeiras faenando de noite e de día e outras adicadas á captura da angula.

Distintas eran as gamelas segundo a arte de pesca que practicaban e os aparellos empregados polos gameleiros eran moi variados: poutadas, callaos e sebeiros, xeito, trasmallo...



# “ AS VACAS TOLAS ”

JORGE GARCÍA FORMOSO

JAVIER LÓPEZ ROSELL

## 1.- A ENFERMIDADE DAS VACAS TOLAS.

\* O mal das “vacas tolas” é unha enfermidade causada polas proteínas alteradas, chamadas **prións**. A molécula alterada da proteína ponse en contacto coas moléculas non alteradas e convérteas nunha cópía de si mesma. A molécula infecciosa reproducécese e altera a tódalas moléculas normais ata que destrúe a neurona.

\* A orixe desta variante de ECJ (Enfermidade de Creutzfeld-Jakob), atópase nas ovellas infectadas por “scrapie”, unha variante da encefalopatía esponxiforme propia destes animais, que non se contaxia ó home.

\* A enfermidade das “vacas tolas”, é de orixe recente e foi provocada polo home. Apareceu como consecuencia da elaboración de fariñas cárnicas e pensos con restos de ovellas cós que foron alimentadas as vacas.

\* Das vacas, a enfermidade pasou ós homes. A única fonte de contaxio é o sistema nervioso central ou os preparados alimenticios, coma paté, salchichas e hamburguesas, que podían conter restos daquel.

## 2.- O CONTAXIO: PRIÖNS E ENCEFALOPATÍA

### 2.1 OS PRIÖNS


#### PRIÖN NORMAL

Trátase dunha partícula infecciosa proteínica descuberta por S. Prusiner no 1982




#### EN TRANSICIÖN

Ás células proteicas teñen forma espiral e están enlazadas por cadeas proteicas.




#### INFECCIOSO

Unha das cadeas da proteína estírase de forma anómala e convértese en infecciosa.



#### REPRODUCCIÖN

Según a teoría de Prusiner, o prión é capaz de replicarse a si mesmo, sen axentes externos.



### 2.2 A ENCEFALOPATÍA


#### CÉLULAS

A célula contaminada morre tras afectar ás súas veciñas.




#### MÉDULA

Afecta principalmente ás células neuronais da médula e do cerebro.



#### O CEREBRO

A acumulación de células mortas produce ocos, por iso se chama esponxiforme.



*Pasa á seguinte →*



Esperpentp


### 3.- O CONTAXIO: A CADEA ALIMENTARIA.

#### 3.1.- SÍNTOMAS DA ENFERMIDADE NO DER HUMAN.

A enfermidade de Creutzfel-Jakob, foi descuberta no ano 1920. Dase en persoas entre 50 e 70 anos en un de cada mil habitantes.

Os primeiros síntomas da enfermidade que aparecen son os da **ansiedade e a depresión**. De seguido as persoas van perdendo a memoria, a visión, peso e coordinación. É un proceso paulatino a medida que se destrúe o sistema nervioso. Despois pérdese a fala e prodúcese rixidez no corpo. O enfermo morre trece meses despois de contrae-la enfermidade.

#### 3.2.- A CADEA ALIMENTARIA: O PROCESO




### 4.- OS MATERIAIS ESPECÍFICOS DE RISCO, (M.E.R.).

Como consecuencia do contaxio, hai varias partes da vaca que os científicos aconsellan non consumir. As vísceras son as zonas de maior risco, onde se almacena a enfermidade



**CHULETÓN.**— A perigosidade do consumo destas partes da vaca é consecuencia da súa proximidade á médula espiñal. Por iso ponse en entredito o **chuletón**  
Ó que haberá que saca-lo oso.



### 5.- A ENCEFALOPATÍA: Antecedentes.

**SCRAPIE.**— Enfermidade neurodexenerativa do gando ovino e caprino. Coñécese dende o ano 1732.

**EDC.**— A enfermidade de Desgaste Crónico. Prodúcese no alce e no venado de cola negra. 1967.

**EEF.**— A Encefalopatía Exponxiforme Felina. Detectada no gato doméstico no 1990.

**EEB.**— A Encefalopatía Esponxiforme Bovina, (mal das vacas tolas). Coñécese dende Novembro do 1986. Apareceu en Inglaterra e afectou a 180.000 reses



# Estatística de servicio de empréstito da biblioteca do centro

Por Pablo Besada, Jorge Gay e Ana Laura Sánchez

## Cadro de honra

“Superdepredadores de biblioteca”

RETIRARON MÁIS LIBROS EN TERMOS  
ABSOLUTOS NO CURSO 2000-01

¡FELICIDADES PARA ESTES/AS E  
PARA OUTROS/AS QUE TAMÉN  
LERON! PREMIO: HORAS DE PRACER

Lector/a	Grupo	Libros
Pablo Besada Martín	6° B	46
Sara Besada Martín	3° A	44
Ruth Pensado Maquieira	6° B	29
Patricia Dapena García	6° B	27
Lucía Vázquez Blanco	4° C	21
Jorge Gay Gago	6° B	18
Sara Abilleira Crespo	5° B	16
Belén González García	6° B	15
Elena Caride Miana	6° B	15
Miguel Montojo	3° A	15
Jacobo Domínguez	3° B	14
Sara Justo Abal	6° B	14
Ana M <sup>a</sup> Justo Soto	4° B	13
Darío Reboiras Guimeráns	4° C	13
José I. Villaverde	6° B	13
Jenny Pacheco Fabeiro	3° C	13
Natalia Rey Rey	4° C	13
Pedro Vilar Iglesias	4° C	13
Alba Fiúza Fernández	3° B	12
Xabier González Razquín	3° A	12

## MOVEMENTO BIBLIOTECARIO. LIBROS RETIRADOS POR CADA GRUPO




Posto	Grupo	Número de libros Curso 2000-2001
1°	6° B	250
2°	3° A	140
3°	4° C	116
4°	3° C	94
5°	6° C	91
6°	4° B	68
7°	3° B	62
8°	5° C	44
9°	5° B	40
10°	6° A	37
11°	4° A	13
12°	5° A	3

**TOTAL LIBROS RETIRADOS  
NO CURSO 2000-2001**

**958**

GRAN DICCIONARIO  
XERAIS  
DA LINGUA

gd









Pasa á páxina seguinte



# Colaboradores da biblioteca do CEIP Campolongo

VEN DA PÁXINA ANTERIOR

Sen a axuda destas/es colaboradoras/es, que sacrificaron o seu tempo de lecer dalgunha semana, non sería posible o labor desenvolvido pola biblioteca. Graciñas a todos eles, en



## Colaboradoras/es

- Jorge Gay Gago
- Pablo Besada Martín
- Ana Laura Carmuega Sánchez
- Lucía Vázquez Blanco
- Elena Pose Puga
- Natalia Rey Rey
- Elena Caride Miaana
- Ruth Pensado Maquieira
- Grace Johanna Rengifo Montes
- Miriam Rodríguez
- Pedro Vilar Iglesias
- Raquel Alonso
- Paula Caride
- Patricia Dapena García
- Iria Pastor Pérez
- Sara González López
- Alba Gálvez Torrente
- Sara Ortega Moreira
- Alba Toja
- Alicia Vázquez
- Beatriz Trabazo
- Judith Soto
- Elena Rodríguez
- Ana María Santiago
- Sara Portos
- Débora Sierra Núñez
- Chelo Revilla
- Sabrina Roca
- Iolanda Rañal
- Carmen Alonso Rodríguez
- Cora Velasco
- Mercedes Araujo
- Marina Bernaldo de Quirós
- Uxía López Leiro
- Sandra Chan
- Laura Fernández Touzón
- Constanza Aonso Martínez



¿QUÉ TAL SE VOS DA O FRANCÉS?

¡¡INTÉNTAO!

Para demostra-la túa habilidade cos idiomas, ordena as letras e atopa o nome do número que se agacha en cada casaña.

Une cunha liña dende o francés ó círculo correspondente.

ÍÑIGO ALDATZ ALONSO

GALEGO		FRANCÉS
TSEE		SEPT
VNEO		NEUF
EDZ		DIX
RCATO		QUATRE
ISES		SIX
OTOI		HUIT
UN		UN
RSET		TROIS
NCOCI		CINQ
SDUO		DEUX

Décote les prénoms des personnages.

Descobre os nomes dos personaxes.

DARÍO CASTRO GALDO

A	B	C	D	E	F	G	H	I	J	K	L	M	N	O	P	Q	R	S	T	U	V	W	X	Y	Z
1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18	19	20	21	22	23	24	25	26

1.- 13-1-20-8-9-12-4-5-

M- A- T- H- I- L- D- E

2.- 20-8-5-15

.....

3.- 1-12-9-14-5

.....

4.- 16-1-21-12

.....


5.- 19-15-16-8-9-5

.....



Equipo de redactores de 5º A: Manuel, Diego, Rafael, Alex, Alba, Tamara, Rocío, Alejandra e Andrea

## A FERRERÍA REHABILITARÁ UN DOS SEUS EDIFICIOS MÁIS EMBLEMÁTICOS



Queren rehabilitar, na Praza da Ferrería un dos seus edificios máis emblemáticos, situado sobre dos seus soportais.

É un proxecto privado que pretende habilitar as instalacións para vivendas e oficinas.

O concelleiro de urbanismo, Señor Mosquera congratulouse moito desta rehabilitación.


Nós tamén o facemos, xa que a Ferrería é a Praza máis representativa da nosa cidade e o lugar de encontro de tódolos pontevedreses.

## A ATRACCIÓN DE MUGARTEGUI

O renovado Pazo de Mugartegui convertiuse, este fin de semana, na estrela de Pontevedra. Segundo datos do Concello, o Pazo recibiu a visita de case tres mil persoas.

A contabilidade foi fácil de levar, pois a cada visitante dábaselle un resguardo e a media tarde xa se tiñan entregado máis de 2.500 entradas.

A afluencia de visitantes foi tal que desbordou tódalas previsións.



## A POLICÍA DETEN A UN XOVEN DE 15 ANOS POLO APUÑALAMENTO DO SEU IRMÁN

Un xoven de 15 anos foi detido pola policía, como presunto autor dunha navallada ó seu propio irmán de 20 anos.

O suceso produciuse na madrugada do pasado domingo, na rúa de Benito Corbal da nosa cidade.

Segundo os datos recabados polos policías nacionais e locais, ás 6,30 da mañá localizouse a vítima, cun corte no pescozo. Ó seu lado estaba o seu irmán nun estado de gran excitación, que o levou a enfrontarse cos axentes.

A liorta apunta a "problemas familiares".

Mentres unha ambulancia trasladaba a Montecelo ó ferido, os gardas decidiron remitir tamén ó suposto agresor, ó mesmo centro sanitario. En Montecelo foille suministrado un tranquilizante e foi trasladado á área de Psiquiatría.



Equipo de redactores de 5º A: Manuel Denis, Diego, Rafael, Alex, Alba, Tamara, Rocío, Alejandra e Andrea


## RIADAS EN CALDAS

O forte temporal de chuvia e a caída de árbores, cortou estradas na provincia de Pontevedra, en especial en Caldas de Reis. A decimoterceira riada asulagou as rúas Tafona, Alameda, Fermín Mosquera, Real e Laureano Salgado da vila de Caldas de Reis, ademais doutras do centro urbano.



## GALICIA SACUDIDA POLO MAR

Seis mariñeiros galegos mortos e dez superviventes no naufraxio do palangreiro "Hansa", ocorrido a 400 kms ó oeste das Illas Híbridas (Escocia)




Nome:	Hansa	Bandera:	Alemána
Clase:	Palangreiro	Base:	A Coruña
Estora:	31 metros	Capital:	Galego
Manga:	6,52 metros	Armadora:	Gude González

## VIGUÉS ATACADO POR UN ROTTWEILER

Un rottweiler ferido mordeu a un peatón de avanzada idade que tentou acariñalo. O suceso tivo lugar nun barrio da cidade de Vigo. Os cans perigosos deberían estar presos.



## A FOLGA DA UNIÓN TRANSTORNA A 7.000 PONTEVEDRESES



Vintetrés días de folga en transportes La Unión. A tensión medra e o conflito leva case un mes. Os traballadores piden unha mediación clara para chegar a un acordo.

## E.T.A EN GALICIA

A Garda Civil detivo o pasado día 26 de marzo á terrorista Alicia Sáez, membro de E.T.A. Que transportaba 1.700 kls de explosivo.



تصوير لوليا سائز  
Edad: 32 años / Acusada d  
asesinar a Victoria a u  
subversivos hijo de gallegos  
TIT

## A RAPAZA DO ÁCIDO SUFRJU UN ATAQUE DE NERVJOS ANTES DO XUJEO

Un total de 20 Gardas Civís garantiron a seguridade durante o xujcio



A acusación particular solicitou 780 anos de cárcere para o seu pai e 416 para a súa nai, por botarlle ácido á súa filla, na cara e na cabeza.


A noticia paréceme moi importante, dada a agresividade da nai e do pai desta rapaza.



Equipo de redacción de 5ªA: Manuel, Diego, Tamara, Andrea, Alba, Rocío, Alex, Rafael e Alejandra.

## PIDEN XUSTICIA

Os pais de Joaquín José Martínez pedirán cartos polas rúas, para facer frente ó xuicio. "Pediremos o diñeiro que nos falla para ter un xuicio xusto. Saliremos á rúa con recordos de Joaquín e trocaremos polo que a xente queira ou poida darnos, unha peseta, cinco, o que poidan", era o desesperado chamamento de Joaquín Martínez, pai do español que conseguiu saír do corredor da morte en EEUU e que terá unha cita coa xustiza norteamericana, a partir do 2 de Abril do 2.001. Hoxe podemos saber que Joaquín foi declarado "non culpable" e posto en liberdade.



## MOREN AFOGADOS DEZ MAGREBÍES Ó NAUFRAGAR UNHA PATERA

Dez xoves magrebíes que ían á deriva nunha patera, chocan contra unha zona rochosa da enseada de Cadiz. O naufraxio produciuse un pouco antes das 03:00 horas.


Ademáis, en Almería localizaron unha patera con 27 inmigrantes que ían á deriva, porque o seu motor sufrira unha avería. Un helicóptero de salvamento localizou a patera ás 13:40, a 14 millas da costa. Un dos inmigrantes tivo que ser levado ó hospital.

España debería dar cartos a eses países, porque creo que deberían recibir axuda para que teñan postos de traballo nos seus países.



## MORTES NO ASFALTO


Os animais cruzan as estradas de España na busca de alimento ou dos seus donos. Cando chega a época da reprodución, é cando hai máis mortes. As aves son os animais máis afectados polos atropellos. É importante a construción de pasos para os animais nas estradas



## SEPARAN SIAMESAS

Ciruxáns do Hospital a Paz separan con éxito ás siamesas marroquinas. Fátima e Amina, as dúas nenas siamesas marroquinas, de 21 meses, ingresadas no Hospital madrileño da Paz, quedaron separadas, tras oito horas de intervención. Unidas ata onte pola pelvis, cada unha quedará cunha perna e un ril dos dous que comparten. A operación foi dirixida por Juan Tovar.

## O DVD CON FORZA




O DVD iniciou o asalto definitivo ós salóns dos fogares españois. O dixital arrincou con maior lentitude ca outros países, pero agora recupera o terreo e o parque de reprodutores xa supera as 400.000 unidades. Os precios oscilan arredor das 40.000 pesetas.

Equipo de redactores de 5ªA: Manuel Denis, Diego, Rafael, Alex, Alba, Tamara, Rocío, Alejandra e Andrea


## A UE E MARROCOS EN DESACORDO

Os barcos españois non poderán faenar nas augas marroquinas.

Os mariñeiros galegos sufrirán as consecuencias. Eles e mailas súas familias.




A UE BLOQUEA O GANDO FRANCÉS ANTE O PRIMEIRO FOCO DE FEBRE AFTOSA CONTINENTAL.



Agora é un problema de todo o Continente que inqueda especialmente en Bélxica, Alemaña e España, os estados que máis kms de fronteira comparten con Francia.

## HARRY POTER CHEGA EN TROMBA EN TROMBA




Unha avalancha de nenos e nenas esperaban a Novela ás portas da librería.

Hai noticias que non parecen realidade.

## UN NOVO TEMBLOR SACUDE SALVADOR


Este novo terremoto sacudiu o país centroamericano, exactamente un mes despois do devastador sismo, de 7,6 na escala de Richter, ocorrido o 13 de xaneiro pasado. Provocou un centenar de mortos.

Sinto pena polas persoas e nenos dese país, que van quedar sen casa e sen colexio. Ese país é unha pena. Hai que axudalos.




## ATOPADOS NA COSTA GALEGA CATRO CADÁVERES DO AUTOBÚS PORTUGUÉS QUE CAEU Ó DOURO.

A forte corrente e a violencia do vento arrastraron catro corpos, dous en Fisterra e dous en Camariñas.



## PROTESTAS ANTINUCLEARES




A rexión do cemiterio nuclear de Gorleben, comenzou a resistencia activa contra un conxunto con residuos nucleares




Pablo Pérez Freitas

Preséntovos ó narrador desta historia. Guapo,¡eh!.



Bla,Bla..

Metéronnos en dous autobuses e tardamos 'dúas horas en chegar á Coruña.



Na casa das ciencias vimos unha película.




¡HOLA! SON A TERRA

Experimentamos con tódalas máquinas que alí estaban.Imaxínate o que sudamos para manter unha roda en horizontal



SOCORRO

Na "Domus" miramo-la Monalisa Que non é unha mona sen pelo.




¡JA!

Seguimos experimentando

Para o home baixiño usa-lo microscopio.Para o home alto,usa-lo telescopio.




Por fin fomos ó Acuario e por casualidade había peces de tódolos tamaños.




GLUB

Había incluso focas...e focos



Groff.

Por fin chegamos á tenda e podemos gasta-los cartos que levabamos.¡Compramos case todo! Algo cansos volvemos a casa.



¡BUFF